

Outro idioma é posible

É ben sabido que os dispositivos escolares actúan como poderosos mecanismos ideolóxicos. Pois ben, na escola aprendemos o nome dos estados do mundo ou dos puntos xeográficos de interese, mais nunca aprendemos o nome das linguas faladas no mundo. Quizais seis mil linguas compoñan unha listaxe demasiado ampla. Porén sería posible (mesmo necesario) que os escolares estivesen familiarizados con, tal vez, as vinte linguas que contan con maior número de falantes. Non hai nada diso, os estudantes de lingüística, universitarios, sorpréndense ao saberen que entre as vinte linguas máis faladas se atopan o bengalí, o penxabí, o xavanés, o biharí, o telugú, o támil, o maratí ou o vietnamita.

Cando a escola permite ese desaxustes está favorecendo á consideración dun mundo uniforme, unha cultura única que tende, por definición a expresarse nunha soa lingua. Actualmente esa lingua é o inglés, mais se goza dunha posición privilexiada non é por ningún atributo de seu, senón pola intervención dunha serie de forzas históricas que lle foron favorábeis, particularmente a expansión colonial e mercantil do Imperio Británico e o pulo militar, económico e tecnolóxico estadounidense.

Acatamos acriticamente unha situación de abuso da posición dominante (moi ao Bill Gates) e usamos o inglés para a comunicación interétnica invariabelmente, como se non houbese máis linguas no mundo.

Fronte a esa asoballadora uniformidade, a variación lingüística semella unha auténtica bendición porque reclama que os seres humanos compartan ou superpoñan os seus puntos de vista. O mito de Babel ten sido ben nocivo porque nos ensinou a mirar a diversidade como un castigo. Substituíamos esa imaxe magoenta por outras que identifique a diversidade cunha enorme riqueza.

Teresa Moure: *Outro idioma é posible*

- 1.** Segundo Teresa Moure, que eivas presenta o sistema educativo en relación coa realidade multilingüe do mundo?
- 2.** Intenta situar as linguas máis extensas do mundo que cita a autora no texto.
- 3.** Pescuda información sobre o mito da torre de Babel e explica por que ten sido ben nocivo, como afirma a autora do texto.

O idioma universal

Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección babeando pola escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o desexo de chegaren a ser deuses, e renegan das inquiredanzas que produce a sabedoría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración:

Un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas Arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal...

Un idioma non nace pola vontade xenial dun grupo de homes; nace pola predisposición psicolóxica dun pobo, que, en condicións históricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado á lingua peculiar dun pobo representa un atentado á súa cultura peculiar.

Castelao: *Sempre en Galiza*